

VI. ANUNCIOS
B) ADMINISTRACIÓN LOCAL
CONCELLO DE VIGO
ANUNCIO de modificación da oferta de emprego público do ano 2018.

A Xunta de Goberno local, na sesión extraordinaria e urxente do 21 de xaneiro de 2019, adoptou acordo de resolución do recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno local do 23.11.2018, polo que se aproba a oferta de emprego público do Concello de Vigo para o ano 2018 (expediente 33226/220), no sentido seguinte:

Primeiro. Desestimar, de conformidade cos informes emitidos no expediente, e pola motivación legal exposta, a petición de suspensión do acto impugnado, solicitada pola representación da sección sindical do sindicato de traballadores CC.OO. do Concello de Vigo.

Segundo. Estimar parcialmente, de conformidade cos informes emitidos no expediente, o recurso interposto rectificando nunha praza o número de vacantes correspondente a Oferta de Emprego Público 2018, segundo o informe técnico da data da sinatura electrónica.

Praza	Quenda (quenda libre/ promoción interna)	Tipo de vínculo xurídico (funcionarios de carreira/ persoal laboral fixo)	Número de prazas ofertadas	Observacións
Técnico/a de Administración xeral (rama xurídica)	Libre	Funcionario de carreira	1	
Auxiliar/a Admón. xeral	Libre	Funcionario de carreira	3	
Subalterno/a	Libre	Funcionario de carreira	4	Unha delas reservada para persoas con discapacidade
Técnico de xestión	Libre	Funcionario de carreira	1	Persoal indefinido
Técnico/a medio servizos económicos	Libre	Funcionario de carreira	1	Persoal indefinido
Enxeñeiro/a de camiños	Libre	Funcionario de carreira	1	
Enxeñeiro/a-técnico/a industrial	Libre	Funcionario de carreira	1	
Técnico/a medio arquivos	Libre	Funcionario de carreira	1	
Enxeñeiro/a técnico/a	Libre	Funcionario de carreira	1	
Diplomado/a traballo social	Libre	Funcionario de carreira	3	
Inspector obras, servizos	Promoción interna	Funcionario de carreira	1	



Praza	Quenda (quenda libre/ promoción interna)	Tipo de vínculo xurídico (funcionarios de carreira/ persoal laboral fixo)	Número de prazas ofertadas	Observacións
Programador informática	Promoción interna	Funcionario de carreira	1	
Operador informática	Libre	Funcionario de carreira	1	
Sarxento extinción incendios	Promoción interna	Funcionario de carreira	2	
Bombeiro/a	Quenda libre (6) Promoción interna(3)	Funcionario de carreira	9	
Policía local	Quenda libre	Funcionario de carreira	8	
Auxiliar biblioteca	Promoción interna	Funcionario de carreira	4	Unha reservada para persoas con discapacidade
Director réxime interior Zoo	Libre	Persoal laboral	1	Disposición transitoria 4ª TREBEP
Oficial oficios	Libre	Persoal laboral	10	Ferreiro, pavimentador, 2 electricistas, 3 condutores e 3 cuidadores zoo
Axudante oficios	Libre	Persoal laboral	8	Tres delas correspóndense con 3 indefinidos por sentenza xudicial. Tres delas reservadas para persoas con discapacidade (dúas delas para discapacitados intelectuais)
Total prazas OEP 2018			62	Das 62 prazas, 51 ofértanse pola quenda libre, das cales 5 se corresponden con persoal indefinido por sentenza xudicial e unha a persoal afectado pola disposición transitoria 4ª do TREBEP, 5 resérvanse para persoas con discapacidade, dúas delas para persoas que acrediten unha discapacidade intelectual (7 % das 63 prazas convocadas)

Terceiro. Desestimar, de conformidade cos informes emitidos no expediente e pola motivación legal exposta, os demais motivos alegados no recurso.

Cuarto. Ordenar a publicación da presente oferta no BOE e notificar o presente acordo ao recorrente, ao Comité de Persoal, á Intervención Xeral e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación para os efectos oportunos.

Contra a resolución poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións previstos nos artigos 8,



25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Vigo, 29 de xaneiro de 2019

O alcalde
P.D. (Decretos e acordos do 19.6.2015 e 30.12.2016)
Javier Pardo Espiñeira
Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal

CVE-DOG: 0ung5iq1-zc31-dmw6-rlc6-bzfz21x9pxdd7

